



RESOLUCIÓN REITORAL DE 22 DE NOVIEMBRE DE 2010 POLA QUE SE CREA A UNIDADE ESTRUTURAL “UNIDADE DE ANÁLISE DE AUGAS” NOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

ANTECEDENTES

1. O artigo 2 do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación , aprobado polo Consello de Goberno en data 4 de novembro de 2005, establece que *“As unidades que compoñen actualmente os servizos, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son as que figuran no Anexo I deste regulamento”*, e que *“As unidades poderán ser creadas, modificadas ou suprimidas por resolución reitoral, tras o informe favorable da dirección dos SAI, da Comisión de Usuarios e co visto e prace do/a vicerreitor/a de investigación”*.

2. Na súa reunión de 23 de xuño de 2010, a Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación acordou aprobar a proposta de creación dunha nova unidade estrutural denominada *“Unidade de Análise de Augas”* (UAA), destinada a atender a crecente demanda de análises físico-químicas en matrices acuosas, e cuxas características se describen no Informe Anexo á presente Resolución.

3. Mediante escrito de 8 de novembro, D. Jaime Rodríguez González, director dos Servizos de Apoio á Investigación, solicitou a creación da UAA e a súa inclusión no Anexo I do Regulamento precitado.

4. Con data 8 de novembro de 2010, a Vicerreitora de Investigación autorizou a creación da devandita Unidade, e solicitou o inicio dos trámites para a creación da mesma por Resolución Reitoral.

5. A creación da devandita Unidade de Análise de Augas non conleva en ningún caso o incremento do persoal adscrito nin dos estados de gasto dos Servizos de Apoio á Investigación.

En atención aos precitados antecedentes,



RESOLVO

- 1º. Crear a Unidade de Análise de Augas, integrada nos Servizos de Apoio á Investigación.
- 2º. Incorporar a devandita Unidade ao Anexo I do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación, aprobado polo Consello de Goberno con data 4 de novembro de 2005.

A Coruña, 22 de novembro de 2010.

O REITOR

José María Barja Pérez